



Arcebispo de Santiago

Carta Pastoral no Día da Vida Consagrada Febreiro 2012

O día 2 de febreiro a Igrexa pídenos acompañar especialmente coa nosa oración os membros da Vida Consagrada. A vós diríxome, tendo en conta a orientación do Plan Pastoral Diocesano e sentindo a urxencia da nova evanxelización que ten como obxectivo anunciar a Cristo en calquera das circunstancias en que nos encontremos. O lema desta Xornada: **“Ven e sígueme. Vida Consagrada e Nova Evanxelización”**, axúdanos a interpretar os vosos carismas na historia da Igrexa.

Como xa tiven oportunidade de comentarvos noutra ocasión, considero que este momento da Igrexa é esperanzador. Somos conscientes de que non nos debemos predicar a nós mesmos senón a Cristo; e de que non debemos fiarnos das nosas forzas senón non fundamentarnos en El. O seguimento de Cristo casto, pobre e obediente, convértese “en *esexese* viva da Palabra de Deus” que é a primeira fonte de toda espiritualidade cristiá. Non cabe dúbida de que as grandes conversións na historia da Igrexa se produciron polo encontro do sentido da vida: “Ven e sígueme”. A adhesión á predicación apostólica non era, ante todo, asumir a lóxica dun discurso canto deixarse interpelar pola chamada do Señor. Trátase, certamente, do encontro coa verdade que ofrece perspectivas á existencia do home no mundo. Por suposto, non se pode esquecer o contido doutrinal da fe que se ha de transmitir. Se hei de confiar a miña vida a alguén, debo saber de quen se trata; se afirmo que Xesús me salva, teño que poder expresar quen é Xesús e en que consiste a súa salvación. “Os discípulos oíron as súas palabras e seguiron a Xesús” (Xn 1, 37). A doutrina ha de levarnos ao encontro.

Como escribe Jaroslav Pelikan na introdución ao seu libro *Xesús a través dos séculos*, “en cada etapa histórica, a vida e as ensinanzas de Xesús representaron unha resposta (ou máis a miúdo *a* resposta) aos interrogantes máis fundamentais da existencia e do destino humanos, e os devanditos interrogantes formulábanse á figura de Xesús tal como se perfilaba nos evanxeos”¹. Efectivamente, toda a historia do cristianismo é un diálogo entre o contexto do crente e a referencia ineludible da figura de Xesús. “A Tertio Millennio Adveniente presenta como trazo esencial que diferenza ao cristianismo das outras relixións, o feito de que en Xesucristo, o Verbo

¹ J. PELIKAN, *Xesús a través dos séculos. O seu lugar na historia da cultura*, Herder, Barcelona 1989, 16.



Arcebispo de Santiago

encarnado, é Deus o que busca o home e o tempo pasa a ser unha dimensión do Deus eterno. Ábrese así o encontro e o diálogo². No século XXI Cristo debe ser o punto de encontro entre o único Deus e todo home, un referente mesmo para cantos non creen nel. E, sobre todo, será sempre, cuns trazos máis acentuados que outros, o único Cristo real ao que dende hai vinte séculos se remite a fe da Igrexa. Paulo déixanos escrito: "que nin a morte nin a vida, nin os anxos nin os principados, nin o presente nin o porvir, nin as potestades, nin a altura, nin o abismo, nin calquera outra criatura nos poderá afastar do amor que Deus nos ten en Cristo Xesús, noso Señor" (Rom 8, 35. 38-39).

Xesús que "revela as entrañas de Deus vindo do seu seo e actualiza a súa tenrura de Padre expresando en persoa o que é Deus para os homes á vez que anticipando na súa existencia o que pode ser o home para Deus, despois de mostrar o que é Deus para o home"³, seguirá sendo criterio de discernimento para situacións novas nesta onda de relixiosidade "que vai dende o redescubrimento do sentido do misterio ata a maxia, as seitas, o ocultismo, o culto á masa e as súas orxías"⁴. Os cristiáns sabemos que podemos contar coa tradición conservada na Igrexa que confesa que "Xesús é a verdadeira novidade que supera todas as expectativas da humanidade, e así será para sempre, a través da sucesión das diversas épocas históricas. A encarnación do Fillo de Deus e a salvación que El realizou coa súa morte e resurrección son, pois, o verdadeiro criterio para xulgar a realidade temporal e todo proxecto encamiñado a facer a vida do home cada vez máis humana"⁵.

Os Consagrados han de anunciar a Cristo, deixándose interpelar pola Palabra de Deus e os signos dos tempos, sen necesidade de sentirse aventureiros nin se deixar dominar pola impaciencia. A falta de realismo e de madurez leva a posturas estériles e frustrantes como abandonar a comunidade que temos diante pensando noutras comunidades que nunca chegan. Queridos membros da Vida Consagrada, deixádevos gañar enteiramente polo Evanxeo de Xesucristo, fortalecendo todo aquilo que é necesario para manter cun claro e definido sentido eclesial unha vida espiritual intensa: oración, confesión frecuente, plan de vida, estudo asiduo, dispoñibilidade, obediencia e afirmando a importancia da vida consagrada. Sen este convencemento e esta fidelidade orixinal, non se pode ser nin profeta nin evanxelizador, caendo no risco de ser simplemente un consiliario dócil da nova cultura dominante, e sancionador relixioso dunha forma de vida, cada vez máis dominada polas modas do momento. A historia ten hoxe unha versión nova: hai que saber relativizar as

² ELOY BUENO, *Os Rostros de Cristo*, Madrid 1997, 11.

³ O. GONZALEZ DE CARDEDAL, *As entranas do cristianismo*, Salamanca 1997, 74-75.

⁴ *Ibid.*, 98.

⁵ XOÁN PAULO II, *Incarnationis Mysterium. Bula de convocatoria do Gran Xubileo 2000*, 1.



Arcebispo de Santiago

críticas e os rexeitamentos que recibimos dende as posicións da cultura dominante.

Sei que amades á nosa Igrexa diocesana e a enriquecedes cos vosos carismas. Manifestándovos o meu agradecemento coa miña cordial felicitación, saúdavos con todo afecto e bendice no Señor,

+ Julián Barrio Barrio,
Arcebispo de Santiago de Compostela